



Facultade de Ciencias da Educación

PROXECTO DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA: IGUALDADE E ARTE; MARUJA MALLO

Grao en Educación Infantil
Curso académico 2014-2015
02-09-2015

Autora: Iria Fernández Silva
Titora: Carmen Franco Vázquez

PROXECTO DE INTERVENCION EDUCATIVA: IGUALDADE E ARTE; MARUJA MALLO

PROYECTO DE INTERVENCION EDUCATIVA: IGUALDAD Y ARTE; MARUJA MALLO

DESIGN OF EDUCATIONAL INTERVENTION: EQUALITY AND ART; MARUJA MALLO

AUTORIZACIÓN DO TITOR/A PARA A DEFENSA DO TFG

DATOS DA TITULACIÓN	
TITULACIÓN	Grao en Educación Infantil
MENCIÓN (SÓ INFANTIL E PRIMARIA)	Linguaxes Artísticas
CURSO ACADÉMICO	2014-2015

DATOS DO/A ALUMNO/A	
APELIDOS E NOME	Fernández Silva, Iria
DNI	77408639Z

TITULO DO TFG	
<p>PROXECTO DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA: IGUALDADE E ARTE; MARUJA MALLO</p>	

DATOS DO/A TITOR/A	
APELIDOS E NOME	Franco Vázquez, Carmen
DEPARTAMENTO	DIDÁCTICA DA EXPRESIÓN MUSICAL, PLÁSTICA E CORPORAL

como titor/a do TFG que figura máis arriba, declara que o traballo reúne os requisitos académicos suficientes e autoriza a súa defensa pública ante o tribunal correspondente na convocatoria de referencia, de acordo coa normativa de TFG e TFM aprobada polo Consello de Goberno do 2 de maio de 2013 e o Regulamento de TFG da Facultade de Ciencias da Educación aprobado polo Consello de Goberno de 21 de maio de 2014 que establece no artigo 11 o dereito do alumnado á propiedade intelectual do traballo.

Santiago de Compostela a 4 de setembro de 2015



(sinatura do titor/a)

“Hai mulleres que están tolas e hai mulleres de talento; con todo, non hai ningunha que teña esa loucura no talento que se chama xenio.”

(De Beauvoir, S. 2010)



**Exposición sobre a obra de Maruja Mallo
(Alumnado de 5 anos do CEIP Amor Ruibal)**

Resumo

Vivimos nunha sociedade profundamente machista, onde as mulleres estamos moitas veces invisibilizadas, e no ámbito da arte non ía ser menos. A obra e a figura de Maruja Mallo é descoñecida para a gran maioría da sociedade, tendo sido esta unha gran defensora da liberdade, reclamando a través das súas actuacións e da súa obra un espazo de igualdade para as mulleres. Ademais estamos a falar dunha autora cunha obra moi expresiva e colorida onde a muller é a protagonista indiscutíbel. Unha verdadeira vangardista, non só pola súa pertenza á xeración do 27, senón tamén polo tipo de vida que escolleu. Por este motivo é perfecta para levar á aula de infantil e realizar un proxecto de visibilización desta autora, e á vez achegarnos ao mundo da arte.

Palabras chave

Igualdade, arte, coeducación, proxectos, cambio social

Resumen

Vivimos en una sociedad profundamente machista, en la cual las mujeres somos muchas veces invisibilizadas, y en el ámbito del arte no iba a ser menos. La obra y la figura de Maruja Mallo es desconocida para la gran mayoría de la sociedad, habiendo sido esta una gran defensora de la libertad, reclamando a través de sus actos y de su obra un espacio de igualdad para las mujeres. Además estamos hablando de una autora con una obra muy expresiva y colorida en la cual las mujeres son protagonistas indiscutibles. Una verdadera vanguardista, no solo por su pertenencia a la generación del 27, sino también por el tipo de vida que ha elegido llevar. Por este motivo es perfecta para llevar al aula de infantil y realizar un proyecto de visibilización de esta autora, y al mismo tiempo acercarnos al mundo del arte.

Palabras Clave

Igualdad, arte, coeducación, proyectos, cambio social

Abstract

We live in a deeply patriarchal society, where women are often invisible even in the art field. The work and the image of Maruja Mallo is unknown for most of the society, despite being a great defender of freedom, claiming through her behavior and through her work a space of equality for women. We are also talking about a woman with an artwork very expressive and colorful where women are the undisputed stars. A real avant-garde, not only because her belong to the 27 generation, also by the kind of life she chose. For this reason she is perfect to bring to a pre-school classroom and to do a visibility project about her and at the same time bring the children closer to the art world.

Keywords

Equality, art, coeducation, projects, social change

ÍNDICE

1-Introdución -----	1
2-Xustificación -----	4
3-Metodoloxía e temporalización -----	11
4-Obxectivos -----	12
5-Contidos -----	13
6-Actividades propostas -----	14
7-Avaliación -----	28
8-Conclusión relacionada coa experiencia práctica nos centros -----	28
9-Bibliografía -----	30
10-Anexos-----	33
10.1-Escolma de imaxes da obra de Maruja Mallo-----	33
10.2-Fotografías do traballo desenvolvido coas nenas-----	38
e nenos de infantil no CEIP Amor Ruibal de Barro	
10.3-Fotografías do traballo desenvolvido polas-----	44
nenas e nenos da ludoteca do Espazo Concilia de Poio (verán 2015)	

1-Introdución

Vivimos nunha sociedade eminentemente desigual, xa sexa por cuestións de lingua, cultura, etnia, estrato social, relixión ou sexo. O sistema económico que rexe o devir das nosas vidas promove e asenta as bases desta sociedade profundamente desigual. O capital é a base, e o sistema de produción é masivo, para aumentar así as ganancias ao mínimo coste, isto quere dicir que existe unha división entre os donos do mundo e a clase traballadora.

Neste sistema de produción as mulleres atopámonos nunha situación de maior desigualdade, xa que, como apunta Sharon Smith, aínda que o sistema capitalista está fundamentado na explotación da clase obreira, este exerce tamén a súa opresión sistémica noutros segmentos sociais, non é casual que nas altas esferas político empresariais practicamente non haxa máis ca homes brancos, o que nos leva a concluír que o sistema é racista e tamén sexista; só uns poucos están convidados a conquistar o poder, e depende basicamente do sexo, etnia ou clase na que se teña a sorte de nacer.

Ás veces atopámonos en situacións onde se nos argumenta que as mulleres hoxe temos igualdade de oportunidades e posibilidade de lograr as mesmas metas que os nosos compañeiros masculinos, pero o certo é que atopamos moitas máis dificultades que se fosemos homes, non estamos a falar só das altas esferas (ás que fixen referencia anteriormente), senón que segundo podemos comprobar no Informe Sobre Desigualdade Salarial por Sexos en Galicia (UGT, 2013), as mulleres galegas reciben un salario medio anual inferior nun 23.1% ao dos homes, ademais despois do inicio da crise económico-sistémica que estamos a vivir, non só aumentou o paro feminino, senón que moitas mulleres víronse obrigadas a abandonar as súas ocupacións remuneradas para atender a persoas dependentes ao seu cargo. Todo isto é unha cuestión que ten que ver directamente coa implantación da familia nuclear, que convirte ás mulleres en servas dos homes (Engels, 2010) e que a día de hoxe segue a prevalecer sobre outros modelos de familia.

Loxicamente dende o 1884 (data na que Engels escribiu a súa obra sobre a orixe da familia) houbo mudanzas, as mulleres hoxe podemos estudar na Universidade, pero só

despois de que mulleres como Concepción Arenal exerceran a súa loita persoal, podemos traballar e obter remuneración, podemos votar; e polo tanto despois de que os movementos sufragistas triunfasen somos consideradas persoas, pero isto non determina que teñamos conseguida a igualdade de sexos, cuestión que sinala Kate Millett (1995) na súa Política Sexual:

Pese a la reforma impuesta a su sistema legal, y a la humillación (de hecho, casi mínima) infligida a su orgullo político, la mentalidad patriarcal volvió a afirmarse con más vigor que nunca al término de la primera fase. Aunque sus abusos más indignantes hayan quedado enmendados, el patriarcado se haya hoy en día tan firmemente arraigado como antes, y posiblemente con más profundidad (p.167)

Como apuntei ao comezo da introdución, a nivel laboral tampouco temos conquerida a igualdade, así como non a temos conquerida nos ámbitos que establecen o poder económico-social. As mulleres fomos ao longo da historia nais, coidadoras, limpadoras, cociñeiras, costureiras, educadoras, perruqueiras... porén é bastante curioso que sendo tarefas que tradicionalmente se nos atribuíron, e polo tanto nas que tantas mulleres son expertas; son os perruqueiros, os cociñeiros, os deseñadores de moda... os que obteñen maior recoñecemento social, isto é comparábel directamente co excesivo recoñecemento social que teñen os homes que exercen de pais e se corresponsabilizan das tarefas familiares, recoñecemento que as mulleres raramente obteñen. Estes homes non están a realizar nada extraordinario dende o punto de vista posibilista, mais si é extraordinario dende o punto de vista social, aínda que con pequenos avances segue a ser raro que os homes se impliquen nas tarefas diarias da familia (limpeza, cociña, fillas/os...) e se o fan segue a existir a consideración de que axudan ou colaboran nas tarefas do fogar, cando o que deberían facer é corresponsabilizarse en igualdade de condicións co resto de elementos que constitúen o nucleo familiar.

Quero facer referencia tamén aos chamados micromachismos, que están relacionados directamente coa vida de parella ou familiar, son estratexias de dominación masculinas, que se poden usar consciente ou inconscientemente, tales como o control do móbil, da roupa coa que viste a parella, ou mesmo coa non realización de tarefas na casa porque el non sabe ou non o fai igual de ben ca ela. Os micromachismos están presentes tamén fóra do ámbito privado; por exemplo na publicidade, que aínda escolle

predominantemente mulleres para interpretar amas de casa que limpan, cociñan, exercen de nais... por outra banda os homes protagonizan anuncios de coches, cervexas...

Podemos falar tamén do modelo de muller e do modelo de home que venden os *MASS media*, que fundamentalmente afianza a construción social do xénero, as mulleres teñen que ser sensíbeis, guapas (segundo os estereotipos sociais), nais, cariñosas, empáticas, dependentes... e os homes teñen que ser fortes, líderes, violentos (en moitos casos), protectores, independentes....

Toda esta construción social, da que o sistema capitalista e patriarcal se beneficia, xa sexa coa consecución de obra de man barata, do aforro en política de dependencia (Escolas Infantís, centros de día para persoas da terceira idade...) ou da non corresponsabilización das tarefas familiares no ámbito privado, non fai outra cousa que oprimir as mulleres e exercer violencia machista, que desgrazadamente remata coa vida de moitas mulleres ao ano, por non falar tamén das que viven toda unha vida sendo maltratadas e anuladas. Toda a violencia social da que estamos rodeadas é o que leva a un home a crer que unha persoa lle pertence, e polo tanto se a mata só está exercendo o seu dereito (Engels, 2010).

As nenas e nenos da etapa de Educación Infantil non medran alleos a toda esta problemática social que exerce a violencia sobre as mulleres dende a máis tenra infancia, dende pequenas nenas e nenos aprenden o seu rol. E mentres na primeira etapa da E.I. (0-3) as crianzas xogan xuntas e a calquera xogo, na segunda etapa comezan a facer grupos. Segundo puiden observar durante a realización das prácticas escolares en tres centros diferentes, a partir dos 3-4 anos comezan a dividirse no patio en grupos de nenas e grupos de nenos, e a xogar a xogos considerados de nenas e a xogos considerados de nenos. Estamos a falar dunha etapa na que o xogo simbólico é protagonista, e polo tanto imitan o que os seus modelos a seguir fan, estes son fundamentalmente os pais e nais, os protagonistas de debuxos... as nenas xogan basicamente ás casiñas e os nenos a construír cousas, e imitan comportamentos que consideran que son os correctos segundo o seu sexo, atopando casos de nenos de sexo masculino de entre 3 e 5 anos que non queren chorar porque iso non está ben considerado socialmente; esta división e diferenzación de roles vaise afianzando máis segundo se van facendo maiores.

Por todos estes motivos escollín orientar o meu TFG cara a traballar a igualdade na

aula, porque a igualdade de sexos debe ser un dos contidos principais en todos os niveis educativos e a coeducación é a base para erradicar a violencia machista na sociedade actual, iso non quere dicir que sexa infalíbel, xa que hai moitos factores sociais fóra da escola que inflúen na construción social dos xéneros, pero é fundamental que o sistema educativo se esforce por crear persoas que se cuestionen o mundo tal cal llo presentan, persoas que rexeiten todo tipo de violencia.

2-Xustificación.

Como apuntei xa na introdución vivimos nun sistema social profundamente machista, e a arte non é allea a esta realidade, así pois, como apunta Pereira Bueno (2009), é verdadeiramente difícil atopar información sobre mulleres artistas galegas de antes do século XX. Porén noutras disciplinas as mulleres tivemos algo máis de fortuna, como por exemplo na literatura, disciplina sobre a que atopamos moitísimos máis datos de mulleres relevantes.

Se analizamos o currículo de Educación infantil (2009), faise referencia á necesidade de traballar a igualdade na escola, de aprender a respectar o diferente; pero non da ningún tipo de información concreta sobre como abordar determinadas actitudes e situacións que se producen na aula. É moi habitual escoitar a nenos que lles dín ás nenas que elas non poden facer determinadas cousas porque son mulleres, ás veces mesmo escoitamos mestras/es que lles recriminan aos nenos que non deben chorar, que así parecen nenas. Queiramos ou non vivimos en sociedade e por moito que intentemos mudar determinadas cuestións dende a aula, non é sinxelo. A construción social do xénero é unha realidade que está moi ben asentada na nosa forma de ver o mundo dende que nacemos, e moitas veces sorprendémonos actuando de forma machista sen decatarnos. Determinados comentarios, actitudes...

Aínda que a educación na escola non sexa a cura desta sociedade enferma de desigualdade, si pode axudar a camiñar cara unha sociedade máis xusta, a coeducación é a base, intentar ensinarlles ás nenas e nenos que o sexo non determina como ten que ser a nosa personalidade, nin o traballo que podemos exercer, nin a nosa forma de vestir...

As mulleres sufrimos violencia practicamente todos os días das nosas vidas, ás veces somos conscientes, e outras veces non (Millet, K. 1995). Cando nunha aula na que a gran maioría de persoas pertence ao sexo feminino, e usamos o xénero masculino como xénero neutro para referirnos ao alumnado, estamos a exercer violencia cara as mulleres, cando utilizamos unicamente o xénero masculino para referirnos a profesións de prestixio (Xuiz, médico, avogado...) estamos exercendo violencia contra as mulleres, cando os libros de historia se encargan de facer desaparecer ás mulleres da historia da humanidade, tamén se exerce violencia machista. Ás mulleres historicamente borráronnos do mapa, cantas persoas coñecen a Hipatia de Alexandría? Filósofa e astrónoma, acreditaba en época da antiga Grecia en que a terra era redonda. Non só era científica, senón que repudiaba o estilo de vida que se lles impoñía ás mulleres da época, non casou, nin tivo fillos, amaba a ciencia e por este motivo foi xulgada como meiga e asasinada. Non chegando con semellante punición (por querer exercer a súa liberdade como persoa) foi borrada do mapa, sendo hoxe en día moi difícil atopar información sobre ela. Pois se ben o caso de Hipatia é un dos máis recoñecidos, pola importancia das súas teorías, sabemos que existiu, pero sabemos cantas mulleres fixeron cousas importantes para a evolución da humanidade e practicamente non se lles coñece?

Hoxe nos EEUU estudan historia negra nas escolas, recuperar a historia é o primeiro paso cara a normalización dos sectores de poboación violentados. As mulleres non podemos ser menos, temos que recuperar a nosa historia, visibilizarnos, é por isto que é tan importante que na escola traballemos figuras de mulleres que aportaron algo á sociedade. Neste caso Maruja Mallo, unha das máis recoñecidas pintoras do século XX no estado español e á vez unha descoñecida para a maioría.

Dentro do grupo de mulleres artistas que despuntan no século XX atopamos a Elena Colmeiro (escultora), Julia Minguiñón (pintora), María Antonia Dans (pintora) e a Maruja Mallo (pintora). Esta última foi a autora que escollín para traballar a arte e a igualdade na aula de infantil, con nenos e nenas de 5 anos. Maruja Mallo foi unha muller que destacou pola súa irreverencia co sistema, o seu comportamento non se correspondía cos cánones que establecía a sociedade de mediados do século XX, (Ferris, J.L., 2004) e de feito foi a única muller que no 1922 aprobou o exame de ingreso na escola de belas artes de San Fernando de Madrid, poucas mulleres tiñan o atrevemento de presentarse e Maruja unha vez admitida até asistía ás aulas sen unha

dama de compañía, ela quería descubrir o mundo por si propia e ser unha persoa libre, polo que a súa vida social era a mesma que a de calquera home da súa idade, ía a museos, ao cinema, ás tabernas, ás festas e non tiña reparo ningún en asistir soa, reclamaba a súa independencia deste xeito, e o seu dereito a vivir as mesmas experiencias que os seus compañeiros masculinos. Unha das súas obras máis recoñecidas é *Ciclista* (1927), na que a protagonista é unha muller en bañador montada en bicicleta, por aqueles tempos non estaba ben visto que as mulleres utilizasen este medio de transporte, porén Maruja desafiaba semellante imposición social e non só utilizaba a bicicleta asiduamente, senón que fixo deste hábito un protagonista da súa obra.

Para Maruja o destino que a sociedade lles destinaba ás mulleres non era a vida que quería para ela, non consideraba que casar e ter fillos fose o único ao que unha muller debía aspirar, senón que acredita na necesidade de poñer en valor as capacidades intelectuais das mulleres.

Na escola de Belas Artes de San Fernando coñece a Salvador Dalí, e a través deste último introdúcese no grupo da Residencia de Estudiantes, onde se atopan entre outros Federico García Lorca ou Luís Buñuel, todos eles coñecidos e recoñecidos pola súa obra, mentres a de Maruja pasa practicamente inadvertida, e somos poucas as persoas que chegamos a coñecer quen foi Maruja Mallo e cal foi a súa obra.

O feito de ser muller e de querer exercer a súa liberdade como persoa non gustaba, nunha sociedade que como xa dixen antes era moito máis patriarcal e machista que a hoxe en día, as mulleres tiñan un obxecto único, ser nais e escravas do fogar, e posibelmente por teres Maruja desafiado este destino foi practicamente borrada da historia e a súa obra é descoñecida pola maioría social (Shirley Mangini, 2001).

A protagonista indiscutíbel da obra de Maruja é a muller, cando Mallo pinta figuras humanas practicamente sempre é unha figura feminina, ao meu ver isto reflexa a necesidade social de visibilizar a existencia das mulleres, e as nosas capacidades como persoas en igualdade de condicións que os nosos compañeiros masculinos.

Poderíamos analizar as súas obras unha a unha pero vou salientar só unhas

poucas para evidenciar o meu interese educativo nesta autora, tomando como referencia as anotacións de Carlos Bernárdez (2009) e de Carme Vidal (1999).

A primeira da que me gustaría falar é *Sorpresa do Trigo (1931)*, Maruja inspiróuse nunha manifestación do primeiro de maio en Madrid, na que un dos manifestantes que levaba un pan na man lle dixo, despois de Maruja preguntar, que o que pedían era ter pan para comer todos os días. A autora non só reflexou nesta obra esa necesidade básica á que todas e todos deberíamos ter dereito, senón que o fixo a través dunha figura feminina, representa a unha muller traballadora, as espigas do trigo sáenlle das máns, en definitiva o trigo, e polo tanto o pan para comer sae directamente do seu traballo coas mans, lembrando á coñecida consigna da revolución agraria *A terra para quen a traballa*. A verdadeira novidade, é que a muller é a protagonista absoluta desta pintura e non o é por seres delicada, guapa, decorativa... senón por seres un activo na sociedade, unha muller traballadora e reivindicativa.

A segunda obra á que quero facer referencia é *Muller con cabra (1929)*, onde podemos apreciar o contraste entre a figura da muller tradicional, que vemos saudando pola fiestra da casa, e a muller forte e decidida que vemos camiñando pola rúa, rompe os estereotipos tanto físicos, como estéticos da sociedade do momento, a xestualización facial de feito é un elemento do cadro fundamental, onde eu concretamente visualizo a forma de ser de cada unha das mulleres que están reflexadas nesta obra.

Outra das obras que me parecen fundamentais é *Cabeza de negra (1946)*, nela podemos ver unha muller forte cunha beleza diferente á que Europa estaba habituada. Cando Maruxa foxe cara a América do Sul, despois da Guerra Civil española, coñece outras culturas e outras realidades, chámanlle a atención as cores e as tradicións do outro lado do océano, fascínana as máscaras (sobre as que pintou varias series), pero neste caso quixo representar unha realidade que para ela era relativamente nova, unha muller negra, que non só ten a pel diferente, senón que ten uns cabelos e un peiteado que non entra nos cánones de beleza aos que estaba acostumada. Representa outra realidade feminina e á vez transmite a beleza do diferente, esta obra para min é moi interesante dende o punto de vista educativo para traballar tamén co medo ao diferente, para traballar o racismo na aula.

Por outra banda tamén me parece interesantísimo utilizar a obra á que fixen referencia anteriormente titulada *Ciclista (1927)*, por seres unha muller a que utiliza a bicicleta e por riba facelo en bañador, indumentaria pouco aceptada na sociedade da época, e moito menos para montar en bicicleta.

A través destas catro obras penso que podemos traballar a figura de Maruja e a figura das mulleres na sociedade na aula de infantil.

O meu obxectivo principal é que as nenas e nenos de 5 anos coñezan a figura dunha artista vangardista galega, a través da cal podemos ademais traballar conceptos de igualdade na aula, tais como o papel tradicional de nai e ama de casa, os estereotipos de beleza, cuestións raciais ou culturais (vestimentas, maquillaxes, costumes...) e por suposto a figura da muller como ser intelectual que pode exercer calquera profesión ou actividade igual que calquera home.

Unha obra no seu conxunto que destaca polo uso das cores vivas, a representación da figura humana, festas e celebracións, motivos culturais (máscaras), ou elementos da natureza (acios de uvas, flores, cunchas...), e que polo tanto é susceptible de ser atractiva para as nenas e nenos máis pequenos, é perfecta para introducilos en xeral no mundo da arte, e se ademais é perfecta para coñecer a obra dunha muller, onde o sexo feminino é protagonista é a figura ideal para poder traballar un proxecto coma este.

Durante a realización do Practicum III (Fernández Silva, I. 2015) tiven a oportunidade de comezar a traballar o meu proxecto de intervención educativa, se ben non estaba completamente elaborado, si é certo que tiven a posibilidade de experimentar e de traballar na liña que propoño neste TFG. Como esperaba, as nenas e nenos da aula de 5 anos do CEIP Amor Ruibal de Barro, non coñecían nin a Maruja Mallo nin a súa obra. Limitéime a explicarlles que era unha artista e comezou a rolda de preguntas que lles xurdían sobre a autora, apuntámolas todas no encerado e ao final escollemos as preguntas que ía investigar cada un na casa coa axuda dos proxenitores. Nos días posteriores foron traendo as respostas e fomos completando a información sobre a autora (o lugar de nacemento, a disciplina artística á que se dedicaba, en que lugares viviu...). Como ían quedando cuestións sen resolver, elaborei unhas tarxetas con información escrita e icónica sobre a autora e fixemos un xogo para ir completando a información (ver

anexo 10.2).

Como segunda actividade elaboramos un conto colectivo a través das imaxes de diferentes cadros da autora, como xa tiñan información sobre Maruja e a súa obra, introduciron detalles sobre a súa vida que lles inspiraban os cadros, por exemplo, un dos cadros onde a imaxe é a dunha alga, un neno interpretou que era unha representación do lugar onde nacera (ao lado do mar, en Viveiro) e contou a súa parte da historia baseada en que lle gustaba o mar e a praia (no anexo 10.2 pódese ver a exposición das imaxes utilizadas, e na orde que foron utilizadas). O conto, por tratárense de nenas e nenos de 5 anos, elaborámolo oralmente, a miña intención era grabalo para conservalo e que as crianzas puideran escoitalo, pero non foi posíbel, por cuestións técnicas, polo que unha parte importantísima da actividade non se chegou a realizar.

Outra das actividades que introducín na aula, dentro da miña proposta de proxecto, foi a elaboración de cadros con formas xeométricas, que tiñan que pintar con dúas cores, unha das cores era sempre o rosa. A miña intención era traballar a idea de que non existen cores de homes e cores de mulleres, que nos poden gustar as cores independentemente do sexo ao que pertencemos. Esta actividade desbota de cara ao proxecto final porque non creo que cumpra a súa función, e ademais considérase unha actividade demasiado fechada, sen liberdade ningunha para incentivar a creatividade (ver anexo 10.2).

A actividade, que podemos chamar central, foi a de reinterpretación de 6 obras de Maruja Mallo a través de diferentes técnicas de creación (collage, pintura, ceras...), unha por equipo de traballo, introducindo así o concepto de obra colectiva. Nunhas cartolinas brancas debuxei as obras da autora e eles fóronas cubrindo con diferentes materiais, puxéronse de acordo e escolleron como facelo (ver anexo 10.2). A pesar de que quedaron moi ben, e serviu para experimentar cos materiais e con diferentes técnicas, penso que o feito de terlles proporcionado o debuxo feito limitou a súa creatividade, polo que no proxecto final preferín modificar esta proposta e deixarlles que escollan libremente que obra e como a queren interpretar a través da pintura.

E para o remate, sinalar que a actividade da creación da Galería de Arte limitouse a unha simple exposición polos corredores do centro, expuxemos tanto o resultado da

experimentación coas cores, como o resultado da reinterpretación das obras de Maruja (ver anexo 10.2). Esta actividade quedou pobre, non houbo inauguración, nin tivemos tempo de realizar unha presentación do noso traballo ao resto da comunidade escolar. En xeral tivemos o tempo moi limitado para proxectar e poñer en práctica.

Por outra banda, quero facer referencia tamén ás actividades realizadas dentro da ludoteca do Espazo Concilia de Poio (2015). Durante o desenvolvemento do meu traballo como monitora de tempo libre aproveitei para poñer en práctica algunhas actividades referidas a este TFG, para ter unha referencia e escoller as actividades máis acaídas, e realizar modificacións ao respecto do proxecto inicial (ver anexo 2015).

Os cambios realizados teñen que ver directamente coa práctica levada adiante nestes dous contextos. Na ludoteca levei adiante o mesmo tipo de actividades que no CEIP: de introdución e investigación, de desenvolvemento e de feche. Cunha dificultade engadida, non tiñamos os mesmos nenos e nenas durante todo o periodo estivo, polo cal a actividade de feche quedou nunha mera exposición da que tampouco se chegou a realizar a inauguración/presentación que tiña planificada.

Introducimos o proxecto coa visita ao Museo Provincial de Pontevedra e coa busca de información (a través dunha xincana de probas), logo elaboramos a nosa particular e individual interpretación dunha obra da autora e fechamos coa realización dunha obra colectiva (ver anexo 10.3).

A posta en práctica parcial deste proxecto foi moi positiva, as nenas e nenos amosaron interese pola arte e pola autora dende o primeiro momento. Involucraronse nas diferentes actividades e o seu nivel de satisfacción co resultado foi bastante bo. Cumpríronse os obxectivos fundamentais e servíume para discernir os puntos fortes dos débiles e poder así modificar o tipo de actividades propostas.

3-Metodoloxía e temporalización

Estamos a falar dun proxecto de aula que será minimamente dirixido polo persoal docente, o tema non será proposto polo alumnado, pero si que participarán directamente da realización das actividades, e o seu desenvolvemento dependerá directamente das decisións ou intereses que as nenas e nenos demostren en cada fase do proxecto. Polo tanto estamos a falar dun proxecto de intervención educativa que combina o traballo por proxectos e os centros de interese, concretamente o centro de interese sobre o cal incidiremos directamente é o que Decroly (1922) denomina como centro de necesidade de acción, leducia e vida en sociedade, actuar e traballar solidariamente, de densansar.

No tocante á metodoloxía do traballo por proxectos imos traballar as seguintes competencias: o tratamento de información e a competencia dixital, aprender a aprender, competencia social e cidadá, autonomía e iniciativa persoal e a competencia en comunicación lingüística.

A través da investigación imos recompilar datos e información e temos que determinar cal desa información nos é útil e cal non o é, para isto utilizaremos métodos tradicionais de busca de información (publicacións físicas) e tamén métodos de investigación que nos aporta a era dixital, exercitando así tamén as competencias do alumnado coas TIC.

O traballo por proxectos incentiva ademais as ganas de aprender (Arias Correa, A. et al, 2009), co comezo da investigación estamos a traballar a consciencia do alumnado sobre o que sabe e o que quere saber, aprendendo tamén a escoitar e a valorar as aportacións que poden facer os demais, todas e todos podemos ensinar e aprender cousas uns dos outros.

A competencia social e cidadá é outra das competencias fundamentais do traballo por proxectos, aprender a aceptar as normas de aula, aprender a expresar as propias ideas e respectar as dos demais e adquirir unha actitude cooperativa, neste sentido con este proxecto ademais traballaremos a igualdade de sexos, visibilizando a obra dunha artista, que contribúe a formar unha xeración de persoas futuras cuns valores de respecto

e de igual consideración entre homes e mulleres.

No tocante á autonomía e iniciativa persoal dicir que este tipo de traballo colaborativo permite que o alumnado, de forma individualizada, se sinta valorado, escóitanse as súas opinións, apréndese a chegar a un acordo de grupo e a desenvolver tarefas para as que ás veces terán que exercer destrezas determinadas.

Para rematar a competencia na comunicación lingüística é a última competencia básica, que o traballo por proxectos contribúe a mellorar, a linguaxe, xa sexa verbal, xestual ou escrita, é o instrumento a través do cal nos comunicamos entre seres humanos, as nenas e nenos de educación infantil exercerán esta habilidade ao longo de cada proxecto que desenvolvan, para comunicar ideas, opinións, chegar a acordos, resolver conflitos...

Outra das cuestións fundamentais para a realización dun proxecto é a planificación da temporalización. Neste caso realizaríase en tres fases, a primeira, que tería unha duración de unha semana, e durante a cal se desenvolverían as actividades de introdución e investigación, a segunda, durante a cal se levarían adiante as actividades de desenvolvemento, cunha duración de dúas semanas, e a última e terceira que lle correspondería á actividade de feche, esta tamén se realizaría durante unha semana. A temporalización é susceptible de modificacións en función do desenvolvemento práctico das actividades.

4-Obxectivos:

- Coñecer a obra e a figura de Maruxa Mallo.
- Recoñecer e combater os estereotipos de xénero.
- Implicar as familias na vida escolar.
- Achegar as nenas e nenos ás artes plásticas.
- Aprender a traballar colaborativamente.

5-Contidos

5.1-Área de coñecemento de si mesmo e autonomía persoa

- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos.
- Interese por identificar os sentimentos das compañeiras e compañeiros.
- Valoración axustada e positiva de si mesmo.
- Respecto polas diferenzas, identidade e características dos demais.
- Desenvolvemento dunha actitude crítica cara os estereotipos sociais.
- Exploración das capacidades expresivas.

5.2-Área do coñecemento do contorno

- Respecto e coidado polos espazos e materiais que se usan
- Desenvolvemento de autonomía e actitude de axuda e colaboración.
- Valoración das diferentes afectividades entre seres humanos.
- Achegamento á figura dunha artista que rompe cos estereotipos de xénero.
- Colaboración entre compañeiras/os na vida de aula.

5.3-Área de linguaxes, comunicación e representación

- Uso de diferentes estratexias non verbais para a comunicación cos demais
- Exploración sensorial dos elementos da contorna.
- Potenciación da imaxinación e a creatividade.
- Gozo coas obras artísticas
- Interpretación e valoración de obras plásticas

- Participación en situacións de dramatización.
- Utilización das TIC para a busca de información
- Achegamento ao uso das cámaras fotográficas.

6-Actividades propostas:

6.1- Actividades de introdución e investigación

Actividade 1: Visita ao Museo Provincial de Pontevedra
Idade
Nenas e nenos do segundo ciclo de infantil (4-5 anos)
Características psicoevolutivas
A idade escollida está directamente relacionada co momento evolutivo do alumnado, xa que é importantísimo, para esta actividade, que teñan unha capacidade de concentración e atención desenvolta minimamente para non perder o fío do que imos vendo e despois acordarse da información recibida durante a visita.
Descrición
Visita ao museo de Pontevedra, coñecer as obras que expoñen de mulleres artistas (entre elas Maruja Mallo, Cabeza de negra), escultura e pintura. Farémoslles unha foto a todas as obras de mulleres expostas.
Obxectivos
-Coñecer o museo -Investigar o número de mulleres e de homes expostos no museo -Identificar que tipo de obras nos gustan máis e cales menos
Materiais
Cámara de fotos.

Papel profesorado
O profesorado encargarse de guiar a visita polo museo, terá polo tanto un papel activo durante a realización da actividade.
Papel alumnado
Terán un papel activo durante a recompilación de información que nos irá dando o profesorado ou o persoal do museo, ademais deberán escoller polo menos dous encargados/as de tirar as fotos á obras das mulleres artistas expostas

Actividade 2: Que queremos saber de Maruja Mallo?

Idade

Nenas e nenos do segundo ciclo de infantil (4-5 anos)

Características psicoevolutivas

A idade escollida está directamente relacionada co momento evolutivo do alumnado, xa que é importantísimo, para esta actividade, que teñan unha capacidade de concentración e atención desenvolta minimamente para non perder o fío do que imos vendo e despois acordarse da información recibida durante a visita.

Descrición

Asemblea para falar sobre a sesión do museo, dúbidas, preguntas, escoller a información que queremos descubrir sobre as mulleres que expoñen no museo e concretamente sobre Maruja Mallo. A través da investigación as nenas e nenos coñecerán a figura de Maruja e a súa obra. Serán as nenas e nenos os que realicen a busca de información, pero cómpre que as familias colaboren, así en asemblea decidiremos qué é o que queremos saber sobre a autora e a súa obra, e cada alumno/a terá que recompilar unha información na casa para o día seguinte (obviamente con axuda dos pais e nais). Haberá cuestións que debamos investigar no centro, polo que temos prevista unha saída a outras aulas para saber se algún alumno/a ou mestre/a pode darnos algunha información interesante sobre a autora ou a súa obra. E para rematar as propias mestras de aula teñen tamén que guiar e colaborar neste proceso de investigación, sobre todo se en caso de necesidade hai que suplir algunha carencia na información que obtivemos cos recursos anteriores (levaremos libros para a aula, preparación dalgunha cartolina con información icónica e por suposto tamén utilizaremos as TIC dispoñíbeis no centro).

Obxectivos

- Determinar os coñecementos previos
- Definir o que queremos aprender
- Analizar a información recibida

Materiais

-Libros, fichas, ordenadores...

Papel profesorado

O mestrado realizará un papel participante a modo de guía, deixando que sexa o alumnado o que vaia definindo os temas de debate e as cuestións que queren saber sobre o tema proposto.

Papel alumnado

Papel activo, onde deberán recompilar entre todas e todos a información obtida no museo, para isto teñen as fotografías, así poderán recordar mellor o que viron. Despois da recompilación de información teñen que escoller entre todos que datos sobre Maruja Mallo queren investigar, todo isto require o adestramento de habilidades sociais para chegar a acordos.

6.2- Actividades de desenvolvemento

Actividade 3: Xa sabemos quen era Maruja Mallo!
Idade
Nenas e nenos do segundo ciclo de infantil (4-5 anos)
Características psicoevolutivas
Teremos en conta a evolución concreta de cada alumno/a, algúns poderán xa ser capaces de ler pequenos textos e mesmo de escribilos, de non ser así poden axudarse de debuxos para representar a información que buscaron coa axuda das familias e expoñela diante das súas compañeiras e compañeiros. Hai que ter en conta que non todas as persoas maduran psicomotrizmente ao mesmo tempo, e aos 5 anos aínda non teñen porque estaren preparados para desenvolver habilidades lecto-escritoras, isto non debe ser un obstáculo para recoller información e realizar investigacións, ao revés, este tipo de traballos incentiva as ganas de aprender a ler e escribir das crianzas.
Descrición
Recompilación das respostas obtidas na investigación dos nenos e nenas na casa coa axuda de nais e pais. Posteriormente elaboraremos un mural de aula (obra de arte colectiva) coa representación a través da pintura e da técnica do collage das cuestións ou tema que lles pareza máis interesante. Poden escoller varios motivos diferentes ou un só, decisión que deberán tomar de xeito consensuado.
Obxectivos
-Reforzar o traballo en equipa e a cooperación -Introducilos no concepto de obra colectiva -Adestrar a creatividade do alumnado
Materiais
-Pintura de dedos

-Pinceis, esponxas...

-Materiais funxíbeis susceptíbeis de ser usados para a técnica do collage (revistas, papel de aluminio, algodón, pauciños, follas de árbores...)

Papel profesorado

O mestrado limitarase a botarlles unha man na busca dos materiais necesarios, e a facer as veces de moderador e guía nos debates e discusións que se dean antes de definir o tema ou temas que representarán.

Papel alumnado

O traballo do alumnado nesta actividade será de tipo colaborativo e eminentemente activo, este debe apelar á súa creatividade individual para aportar ideas e construír unha obra artística colectiva.

Actividade 4: Que cadros tan chulos!
Idade
Nenas e nenos do segundo ciclo de infantil (4-5 anos)
Características psicoevolutivas
Para a realización desta actividade precisamos que o alumnado sexa capaz de expresar o que lle transmite unha obra de arte e saber discernir cales lle gustan e cales non, e os motivos. Dende o punto de vista psicomotriz deben ser capaces de elaborar a súa pequena interpretación persoal a través das artes plásticas, cada un dentro das súas posibilidades.
Descrición
Coñecemento e análise de cadros escollidos da autora. En asemblea veremos unha pequena escolma da obra de Maruja e os nenos irán dicindo que ven representado, se lles gusta ou non, se lle engadirían algo... Posteriormente cada unha das crianzas debe escoller un dos cadros e reinterpretalo a través da pintura. Debe representar a idea que lle transmite a súa pintura favorita da autora que estamos a traballar.
Obxectivos
-Desenvolver a creatividade de cada alumno/a -Elaborar a súa interpretación dunha obra de arte -Desenvolver a sensibilidade artística
Materiais
- Cartolina, lenzos, pintura, pinceis, esponxas...
Papel profesorado
Nesta actividade o mestrado limitarase a expoñer a obra de Maruja Mallo na asemblea de aula e a realizar preguntas sobre a mesma.

Papel alumnado
<p>Será o alumnado o que deberá desenvolver a actividade de xeito autónomo, en base aos seus propios gustos, habilidades e creatividade interpretará e decidirá cal das obras de Maruja vai reinterpretar. Unha vez rematadas as obras deberán explicar en asemblea os motivos que os levaron a realizar unha ou outra representación.</p>

Actividade 5: I mos contar un conto!!
Idade
Nenas e nenos do segundo ciclo de infantil (4-5 anos)
Características psicoevolutivas
As nenas e nenos da aula de 5 anos polo xeral teñen un desenvolvemento comunicativo e creativo suficientemente desenvolto para poder contar un conto a través de imaxes, depende moito da interpretación que fagan das mesmas.
Descrición
Temos as imaxes de diferentes obras de Maruja Mallo, a mestra irá sacando unha a unha as imaxes sen orde definida e o alumnado terá que contar un conto cun principio e un final, cada alumno/a ten que contar un anaquiño do conto segundo as ideas que lle inspire a imaxe que está a ver; tendo en conta que a primeira persoa ten que contar o principio e a última o final. Este conto ímolo rexistrar para poder escoitalo enteiro posteriormente.
Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> -Explorar a capacidade comunicativa e creativa -Interpretar as imaxes -Coñecer a obra de Maruja Mallo
Materiais
-Imaxes da obra de Maruja Mallo, grabadora.
Papel profesorado
Nesta actividade o mestrado unicamente rexistrará a creación dos nenos e nenas á vez que lle vai ensinando progresivamente as imaxes a partir das cales teñen que crear a súa obra literaria.

Papel alumnado

O alumnado desenvolverá un papel activo, será o creador do conto

Actividade 6: A fotografía tamén é arte!
Idade
Nenas e nenos do segundo ciclo de infantil (4-5 anos)
Características psicoevolutivas
Deben ser nenas e nenos que teñan unha madurez psicomotriz suficiente para tirar fotos. Tamén é importantísima a capacidade de concentración e de atención para poderen así captar as imaxes que teñen en mente.
Descrición
<p>A través da fotografía imos representar a idea de muller que temos na aula. Realizamos unha asemblea e falamos dos tipos de muller que coñecemos, despois facemos grupos de traballo de 4 ou 5 nenas/os. A tarefa realizarase en dúas fases, a primeira durante unha saída pola cidade, fixarémonos nas mulleres que vemos (traballando, paseando, cos fillos...), levamos a cámara de fotos (unha por grupo) e tiramos as fotos que nos parezan interesantes. Despois na aula veremos as fotos nun ordenador e escolleremos as que máis nos gusten para expoñer. A segunda fase consiste en que cada grupo debe representar (teatralmente, con bonecos...) a súa idea de muller e fotografala.</p> <p>A idea é coñecer e experimentar outra forma de facer arte coa muller como protagonista,, igual que facía Maruja, pero con outra técnica artística.</p>
Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> -Representar a idea de muller do alumnado. -Crear unha obra de arte. -Introdución na fotografía.
Materiais
-Cámaras de fotos e ordenadores
Papel profesorado

O mestrado debe guiar e ensinarlles como tirar unha foto para conseguir que saia máis escura, máis iluminada, uso do zoom...

Papel alumnado

Papel activo e creador de arte con liberdade, a fotografía como un proceso de ensaio-erro.

6.3- Actividade de feche:

Actividade 7: A galería de arte!
Idade
Nenas e nenos do segundo ciclo de infantil (4-5 anos)
Características psicoevolutivas
As nenas e nenos deben ser capaces de organizarse e elaborar unha exposición co traballo realizado durante o desenvolvemento do proxecto, ademais terán que ter desenvoltas as capacidades comunicativas e sociais que lles permitirán poñerse de acordo. Por outra banda esta tarefa esixe que o seu desenvolvemento psicomotor lles permita colgar as obras onde escollan e montar a galería.
Descrición
Creación da nosa particular galería de Arte nun espazo común do centro, para dar a coñecer o noso traballo artístico e a figura de Maruja Mallo a toda a comunidade escolar. Esta galería contará tamén coa súa inauguración e presentación que terán que planificar e desenvolver os nenos e nenas da aula de 5 anos.
Obxectivos
-Traballar colaborativamente
Materiais
-Cartolinas, folios, papel contínuo, pinturas... todo o que estea dentro das nosas posibilidades no centro e que decidan usar as nenas e nenos.
Papel profesorado
O mestrado unicamente axudará naquelas tarefas que lle pida o alumnado, debe interferir o menos posíbel na actividade. Observará e avaliará o proceso de creación da galería, previamente recordaralles como estaban expostas as obras no museo e pode

darlle algunha idea de onde realizar a Galería, pero fundamentalmente faráo se o seu alumnado precisa axuda.

Papel alumnado

O alumnado desenvolverá o papel protagonista, será o creador da obra e tamén o creador da exposición, incentivando así o traballo colaborativo e autónomo.

7-Avaliación

A avaliación será continúa, ao rematar cada sesión realizaremos unha asemblea avaliativa co alumnado, onde exporán o que lles pareceu a sesión para poder avaliar tamén se lles gustou, se lles pareceu interesante e que cousas aprenderon, así podemos comprobar cales foron as intencións educativas que se cumpriron e cales non, para así podermos mellorar as próximas actividades.

Ademais da avaliación por parte do alumnado imos utilizar dous métodos de recollida de datos, por unha banda un rexistro anecdótico, onde reflectiremos o desenvolvemento de cada actividade, incluíndo os incidentes, e por outra banda realizaremos unha reflexión indicando cales foron os puntos fortes e cales os débiles de cada actividade, a actividade de feche serviranos ademais para comprobar se os obxectivos xerais se cumpriron ou non e en que medida.

Ao rematar o proxecto pedirémoslle ao alumnado unha reflexión en asemblea sobre o desenvolvemento xeral, serviranos tamén para determinar que tipo de actividade lles resultou máis útil en función das cousas que aprenderon.

Para rematar elaboraremos unha proposta de mellora implementando os cambios que se consideren necesarios pensando na realización de proxectos futuros.

8-Conclusión relacionada coa experiencia práctica nos centros

Poderíanse realizar actividades diferentes e moi variadas con respecto ás que formulei eu neste proxecto, mais coido que esta selección que fixen pode ser útil para introducir unha figura como a de Maruja Mallo na aula, e comezar a tratar a igualdade dende un punto de vista artístico.

Non tiveron a oportunidade de poñer en práctica todas as actividades propostas, pero si parte. Durante a realización do Practicum III (Fernández Silva, I. 2015) presentei un proxecto de mellora da aula que consistía na creación dunha galería de arte, e que tiña a Maruja Mallo como protagonista, os obxectivos eran fundamentalmente os mesmos:

traballar unha figura dunha artista galega, dar a coñecer a súa obra e romper estereotipos de xénero na aula. Por outra banda, durante o desenvolvemento da ludoteca de verán do Espazo Concilia de Poio (onde a maioría de nenas/os tiñan entre 4 e 5 anos) puideron desenvolver algunha actividade máis que durante o Practicum III, obtendo tamén uns resultados moi positivos.

Polo xeral as nenas e nenos de infantil responden positivamente á expresión artística, onde poden interpretar e comunicar a través da súa arte todo aquilo que lles vén á cabeza sen limitacións. Ademais as obras de arte teñen un magnetismo especial nestas idades, calquera cousa lles pode chamar a atención. Durante a visita ao museo de Pontevedra cos nenos/as da ludoteca (onde puideron ver diferentes obras de mulleres galegas) quedei impresionada pola atención que prestaban ás explicacións e polas interpretacións persoais que facían dalgunhas obras. Tanto durante o Practicum III como na ludoteca do Espazo Concilia as nenas e nenos reinterpretaron obras de arte de Maruja Mallo, os resultados son diferentes, xa que na escola tiñamos moitos máis recursos dispoñíbeis pero moi interesantes igualmente, algunhas parécense moito ao orixinal e outros simplemente interpretan o que lles transmite o cadro orixinal.

No tocante á busca de información, direi que non fun quen de implicar as familias para axudar nesta tarefa ao alumnado, de todos os xeitos para iso botei man de recursos como tarxetas con información icónica, que eu mesma elaborei, a investigación a través de internet e a biblioteca do centro educativo. Aínda sendo complexo o obxectivo de involucrar os proxenitores no traballo do centro, debe ser un obxectivo constante e non debemos deixar de intentalo.

Outra das actividades que puideron realizar tanto no centro escolar como na ludoteca foi a creación da galería de arte como actividade de feche, tanto nun centro coma no outro carecíamos de tempo suficiente para poder organizar e realizar o proxecto na súa totalidade, e a última actividade quedou nunha simple exposición polos corredores ou paredes dos centros. De teres a posibilidade de levar adiante o proxecto con tempo suficiente, a Galería de arte tería sido máis ca unha simple exposición, coa correspondente inauguración e presentación, para que as nenas e nenos sintan que o seu traballo é admirado e valorado como os/as artistas que son.

Aínda así debo dicir que os obxectivos principais cumpríronse en ambas as experiencias. Coñeceron a obra e a figura de Maruja Mallo, traballaron a figura da muller na sociedade, a visión que ten o propio alumnado da mesma e experimentaron con diferentes técnicas artísticas.

9-Bibliografía:

9.1-Bibliografía referenciada:

Arias Correa, A. ; Arias Correa, D. ; Navaza Blanco, M. V. et Rial Fernández, M. D.. (2009). *O traballo por proxectos en infantil, primaria e secundaria*. Santiago de Compostela: Tórculo Artes Gráficas, S.A.

Bernárdez, Carlos. (2010). *Maruja Mallo : a pintura da nova muller* . Vigo: NigraTea.

De Beauvoir, S. (2010). *O segundo sexo*. Vigo: Edicións Xerais.

Decreto(330/2009) ,do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 23 de xuño do 2009. 121. Galicia.

Decroly, O.; Boon, G.. (1922). *Hacia una escuela renovada: una primera etapa*. [S.l.]: Ediciones de la Lectura.

Engels, F.. (2010). *El Origen de la familia, la propiedad privada y el estado* . Barcelona: SOL90.

Fernández Silva, Iria (2014). [*Diario de prácticas no CEIP Amor Ruibal de Barro*]. Datos non publicados.

Ferris, Jose L. (2004). *Maruja Mallo: la gran transgresora del 27*. Madrid: Temas de Hoy.

Mangini, Shirley. (2001). *Las modernas de Madrid: Las grandes intelectuales españolas de la vanguardia*. Madrid: Península.

Millet, K. (1995). *Política sexual*. Madrid: Ediciones Cátedra, S.A.

Pereira Bueno, F.. (2009). *Mulleres pintoras na arte galega (segunda metade do s.XIX e primeiro terzo do s.XX). Unha historia de invisibilidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Smith, Sharon. (2013). Marxismo, feminismo y liberación de la mujer. *Sin permiso*.
Extraído de: <http://www.sinpermiso.info/textos/index.php?id=5761>
(consulta o 15 de xullo do 2015)

UGT (2013). Igual retribución por traballo de igual valor. Informe Sobre Desigualdade Salarial por Sexos en Galicia. *UGT Galicia*. Recuperado de:
http://www.ugtgalicia.org/zonaprivada/documentos.php?id=65699726a3c601b9f31bf04019c8593c&table=contenido_c
(consulta do 8 de xullo do 2015)

Vidal, C. (1999) *Maruxa Mallo*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.

9.2-Bibliografía consultada:

Acaso Lopez-Bosch, M. (2009). *La educación artística no son manualidades: nuevas prácticas en la enseñanza de las artes y la cultura visual*. Madrid: Catarata.

Corbalán, Carme M.. (1987). Que pintan as mulleres?. *Andaina*, 13, 22-23.

Eisner, E. (2004). *El arte y la creación de la mente*. Barcelona: Paidós.

Méndez, L.. (2002). Artes visuais e diferenza sexual: outras narrativas, outras políticas da identidade. *Andaina*, 31, 10-50.

Méndez Pérez, L.. (2006). Quienes dictan la regla en el arte?. *Universidad de Antioquía/Facultad de Artes*, 11, 24-34.

Permy, Q.. (1999). Expresándose co corpo na arte. *Andaina*, 24, 24-27.


Sobrino Manzanares, M. L.. (2007). Hibridaciones y diferencias. Mujeres y artes visuales en Galicia. *Quintana*, 6, 105-123.

Vigotsky, L.S. (1982) *Imaginación y el arte en la infancia (ensayo psicológico)*. Buenos Aires: Akal

10-Anexos:

10.1-Esolma de imaxes da obra de Maruja Mallo:

Autorretrato (1941)



Cabeza de negra (1946)



Ciclista (1927)



Sorpresa del trigo (1931)



Mujer con cabra (1929)



Espantapájaros (1932)



Máscaras (1942)



Máscaras con mariposas (1950-55)



Verbena (1927)




El racimo de uvas (1944)



10.2-Fotografías do traballo desenvolvido coas nenas e nenos de infantil no CEIP Amor Ruibal de Barro.














10.3-Fotografías do traballo desenvolvido polas nenas e nenos da ludoteca do Espazo Concilia de Poio (verán 2015)



MARUXA MALLO

1) ONDE NACEU? 

2) NOME DE ARTISTAS:
Julia Minguiellón
M^a Antonia Dans

3) ONDE VIVIU?  

4) CASOU? NON

5) QUE PENSABA DA GUERRA? NON LLE GUSTABA NADA

6) SORRESA DO TRIGO
1º DE MAIO
NINGUÉN DEBE PASAR FAME!



